

## Escritoras irlandesas e nación: Crónica dun desencontro<sup>1</sup>

Manuela Palacios González

[Recibido, xaneiro 2011; aceptado, marzo 2011]

**RESUMO** Fronte á feminización simbólica da nación e a nacionalización da muller levadas a cabo por certos discursos nacionalistas, as poetas irlandesas actuais denuncian as institucións e ideoloxías que non garanten os seus dereitos e só entenden a muller como nai de patriotas. Dende o movemento sufraxista a inicios do século XX até a actualidade, houbo en Irlanda unha loita de intereses entre as mulleres e os discursos sobre a nación sustentados, ben no control ideolóxico exercido pola Igrexa Católica, ben no soño do celtismo ou na concepción monolítica da identidade nacional. As poetas irlandesas reprobán os carices nacionalista e patriarcal da literatura nacional e reclaman outras configuracións de identidades híbridas e heteroxéneas.

**PALABRAS CHAVE:** catolicismo, celtismo, división lingüística, feminismo, Irlanda, literatura nacional, muller, nación, nacionalismo, poesía.

**ABSTRACT** Before the symbolic feminisation of the nation and the nationalisation of women carried out by certain nationalistic discourses, Irish women poets report institutions and ideologies which do not warrant their rights and only understand the figure of woman as a mother of patriots. From the suffrage movement at the beginning of the 20<sup>th</sup> century until the present day, there has been in Ireland a clash of interests between women and discourses on the nation based on either ideological control exerted by the Catholic church or on the fantasy of Celtism or on the monolithic understanding of the national identity. Irish women poets condemn the patriarchal and nationalistic position of national literature and demand other configurations of heterogeneous and hybrid identities.

**KEYWORDS:** catholicism, celtism, feminism, Ireland, linguistic division, nation, national literature, nationalism, woman.

Patrick Pearse (1879-1916) –escritor irlandés, mestre e líder da Insurrección de Pascua contra os ingleses en 1916, tras a cal foi executado– traduciu ao inglés o poema gaélico “Mise Eire” [Eu son Irlanda] no que o eu

<sup>1</sup> Este artigo encádrase nas actividades do proxecto de investigación sobre escritoras galegas e irlandesas financiado polo Ministerio de Ciencia e Innovación (Ref. FFI2009-04875/FILO).

lírigo personifica a nación irlandesa e se identifica cunha figura feminina da mitoloxía celta: a vella de Beare, emblema de inmortalidade. O poema constrúe unha Irlanda gloriosa, nai de guerreiros míticos como Cuchulainn, ao tempo que nai humillada, vendida polos seus propios fillos<sup>2</sup>. Fronte a esta feminización da nación e nacionalización da muller, que fixa a reprodución de patriotas como función e destino das irlandesas, a poeta Eavan Boland (1944) escribiu, sete décadas máis tarde, o poema “Mise Eire”, no que a voz lírica substitúe a afirmación “eu son Irlanda” de Pearse por “eu son a muller” e rexeita os estereotipos que definiron a patria no pasado para centrar a súa atención na loita das mulleres pola supervivencia nos tempos da fame e a emigración<sup>3</sup>. En 1991, Máighréad Medbh retoma o poema de Pearse en “Easter 1991” [Pascua 1991], pero a súa voz poética é a dunha muller contemporánea que denuncia as estruturas patriarcais que corrompen a Irlanda de comezos dos noventa:

I am Ireland and I'm sick  
 sick in the womb  
 sick in the head  
 and I'm sick of lying in this sickbed  
 and if the medical men don't stop operating  
 I'll die

[Eu son Irlanda e estou doente  
 dóeme a matriz  
 dóeme a cabeza  
 e estou doente por ter que ficar neste leito de enfermo  
 e como os homes doutores non deixen de operaren  
 hei morrer]

(Medbh, 1993: 58).

<sup>2</sup> “Great my glory: / I that bore Cuchulainn the valiant. / Great my shame: / My own children that sold their mother” [Grande a miña gloria: / eu que parín o valente Cuchulainn. / Grande a miña vergonza: / os meus propios fillos venderon a súa nai] (Pearse, [1917] 2004: 391). As traducións do inglés ao galego son propias, agás cando se indique o contrario.

<sup>3</sup> “I am the woman / in the gansy-coat / on board the *Mary Belle*, / in the huddling cold, / holding her half-dead baby to her / as the wind shifts east / and north over the dirty / water of the wharf” [Eu son a muller / do abrigo de la / a bordo do *Mary Belle*, no frío atenzante, / quen suxeita o seu fillo medio morto / mentres o vento muda do leste / e o norte sobre a suxa / auga do peirao] (Boland, [1987] 2005: 128-129).

Medbh denuncia os clichés cos que o cinema de Hollywood constrúe Irlanda, desbota os modelos de beleza que lle impoñen e confesa a súa deficiente autoestima: “my face in the mirror is shy” [o meu rostro no espello é apoucado] (Medbh, 1993: 58). De especial interese é a súa condena da censura que tapa a boca das mulleres:

I am Ireland  
and I'm silenced  
I cannot tell my abortions  
my divorces  
my years of slavery  
my fights for freedom  
it's got to the stage I can hardly remember what I had to tell  
and when I do  
I speak in whispers.

[Eu son Irlanda  
e estou silenciada  
non podo falar dos meus abortos  
dos meus divorcios  
dos meus anos de escravitude  
das miñas loitas pola liberdade  
chegou ao punto de que case non lembro o que tiña que contar  
e cando o lembro  
falo quedo]

(Medbh, 1993: 59).

Toda a historia e a enerxía desta muller-Irlanda está dedicada a cimentar un patriarcado que non dá nada a cambio. Pero os feitos berran e o poema torna en catálogo de inxustizas e opresións: mínima protección social das mulleres, violencia machista, complicidade das autoridades con esta violencia, criminalización do aborto, prohibición do divorcio<sup>4</sup>, violencia nos cárceres, control ideolóxico da poboación e das institucións por parte da Igrexa Católica, emigración, pobreza: “and the poorest of all are my daughters” [e as máis pobres son as miñas fillas] (Medbh, 1993: 59). Se a vella de Beare do poema gaélico agardaba na costa a volta do príncipe, o suxeito lírico de “Easter 1991” rebélase e, nun xesto que

---

4 Na República de Irlanda o divorcio foi legalizado en 1996 e o aborto está penalizado.

poderíamos comparar co da Penélope da escritora galega Xohana Torres ([1992] 2004: 251), pon fin á súa espera: “I am Ireland / and I’m not waiting anymore” [Eu son Irlanda / e non agardo máis] (Medbh, 1993: 60).

Malia a profunda recesión económica que atravesaba Irlanda nos anos oitenta, as súas escritoras comezaron a adquirir unha visibilidade notábel no seu sistema literario, pasando de meros obxectos da representación a suxeitos da mesma. Non se trataba simplemente da incorporación de novas voces, senón dun cuestionamento da tradición literaria, das súas formas e contidos, dos seus xuízos de valor e da súa complicidade con outras institucións dominantes. Así mesmo, estas escritoras elaboraron novas configuracións da relación entre muller e nación ás que nos referiremos neste artigo<sup>5</sup>.

A identidade nacional sempre está en crise ou transformación, e os fluxos migratorios en Irlanda –de emigración nos anos oitenta, e de inmigración favorecida pola prosperidade económica do Celtic Tiger dende a segunda metade dos noventa– mantiveron candente o debate sobre esa identidade<sup>6</sup>. Detrás da categoría “nación”, ademais da comunidade imaxinada da que falou Anderson ([1983] 1991) e do desexo colectivo de labrar un futuro común, hai tamén unhas institucións que regulan a vida práctica das persoas, dando dereitos, ditando prohibicións, ordenando as condicións materiais da existencia e distribuindo cotas de poder en distintos graos. Moitas mulleres irlandesas teñen razóns para pensar que as institucións que representan a nación non garanten os seus dereitos. Segundo cifras de Woman’s Aid (2009), unha de cada sete mulleres sofre violencia doméstica severa en Irlanda, unha de cada cinco que o solicitan non pode refuxiarse nunha casa de acollida por falta de espazo; só entre o 1% e o 6% dos maltratadores reciben penas de prisión.

Dende os tempos nos que as sufragistas irlandesas loitaban polo dereito ao voto a principios do século XX, os grupos feministas tiveron unha difícil relación coas institucións do Estado. Simultaneamente á reivindicación das sufragista perante o goberno británico, os grupos nacionalistas reclamaban a independencia de Irlanda e, paradoxalmente, ambos os obxectivos non

---

<sup>5</sup> En Palacios (2009) analizo as tensións entre discursos nacionais e transnacionais tal e como se manifestan na obra dalgunhas poetas irlandesas e galegas actuais.

<sup>6</sup> Segundo o censo de 2006 os inmigrantes constitúen o 10% da poboación (Central Statistics Office, 2006). Dende 2007, a crise económica está a provocar algunhas reaccións de tipo xenófobo (Smyth, 2009).

parecían doados de compaxinar. Segundo Ward ([1982] 1993), o principal inimigo das sufraxistas era o partido nacionalista irlandés, Irish Parliamentary Party, que apoiaba cos seus votos o goberno Liberal en Londres. Os liberais prometéranlles aos nacionalistas a independencia para Irlanda (Home Rule Bill), pero desbotaban a posibilidade de concederlles o voto ás mulleres tanto en Gran Bretaña coma en Irlanda. Cando en 1912 os nacionalistas irlandeses votaron en contra do sufraxio feminino, provocouse unha fenda profunda entre as sufraxistas británicas e as irlandesas, pois as segundas aspiraban a compaxinar a independencia da nación co seu propio status de cidadás. Con todo, o goberno Liberal e o Irish Party, xa decidiran os termos nos que se desenvolvería a independencia de Irlanda: negándolles a cidadanía ás mulleres, desouvinndo a súa opinión e impendíndolles participar na futura lexislatura. Pola súa parte, o Irish Party temía os cambios no corpo electoral, pois prevía que con eles gañarían forza tanto o Sinn Féin coma os Unionistas do Ulster. Así mesmo, temía que a axitación feminista provocase divisións dentro das filas nacionalistas. Co inicio da Primeira Guerra Mundial, pospúxose a independencia irlandesa, pero durante a Insurrección de Pascua de 1916, Patrick Pearse leu a proclamación da República na que defendía os mesmos dereitos de cidadanía para homes e mulleres. Como este era un documento respectado por todos os nacionalistas, non semellaba haber volta atrás na cuestión do sufraxio feminino. En 1918, o goberno británico deulles o voto ás mulleres demáis de trinta anos. En 1922, declarouse a independencia do Irish Free State [Estado libre irlandés] do que non formou parte Irlanda do Norte e, neste mesmo ano, déuselles o voto ás irlandesas de máis de vinte e un anos.

125

Porén, o sufraxio feminino e a independencia da que sería a República de Irlanda non deron pé a un Estado máis respectuoso cos dereitos das mulleres. Gardiner ([1992] 1993) fai unha detallada crónica da opresión das mulleres exercida polos gobernos nacionalistas durante cinco décadas, até que as mobilizacións feministas dos anos setenta comezaron a dar os seus froitos. Durante os anos vinte houbo un clima de sospeita fronte a posíbeis influencias estranxeiras na moral dos irlandeses que conduciu a normativas varias de censura no cinema e nas publicacións. Nos anos trinta negóuselles ás mulleres o acceso a distintos tipos de traballo para que non lles quitasen eses postos aos homes. En 1937 redactouse a Constitución irlandesa –vixente hoxe en día aínda que con algunhas modificacións– pero na súa elaboración non participou ningunha muller. O seu Artigo 41 restrinxe o espazo da muller ao fogar, facendo dela nai e esposa a tempo completo, o que dificulta a posibilidade de activismo

político e acceso a traballos remunerados fóra do fogar<sup>7</sup>. En 1956 aprobouse unha norma que obrigaba as empregadas da administración pública a deixar o seu traballo no momento de casaren, norma que non se revogou até 1973.

Esta crónica da opresión das mulleres por parte dos partidos e gobernos nacionalistas irlandeses ao longo do século XX resulta necesaria para comprender a rebelión protagonizada polas organizacións feministas e as escritoras a partir dos anos setenta. Porén, se non concordamos coa apropiación da muller como símbolo da nación, tampouco o faremos, como sinala Meaney ([1991] 1993: 238), coa asignación á muller do papel de vítima da nación e da historia. Meaney afirma que son precisamente as visións patriarcais as que retratan a muller como pasiva e mera testemuña do proceso político, engadindo que as mulleres non son vítimas inocentes, xa que moitas delas se implicaron ben nas políticas nacionalistas, ben nas unionistas, compartiron prexuízos, foron cómplices da violencia e foron axentes da súa propia opresión. Non obstante, resulta pertinente neste punto chamar a atención sobre as estratexias das ideoloxías para conseguir que os suxeitos os que interpelan non só interioricen valores que van en contra dos seus intereses, senón que os identifiquen como posicións desexábeis de poder e os establezan como ideais a acadar.

126

Neste sentido, un aparato ideolóxico que colaborou estreitamente co nacionalismo –tanto para preservar a identidade nacional irlandesa durante o colonialismo coma para actuar como guía moral dos sucesivos gobernos da República– foi a Igrexa Católica, que controlou o sistema educativo e interveu decisivamente na toma de decisións políticas, papel que segue a desenvolver na medida das súas posibilidades, aínda que na actualidade sofre a deslaxitimación provocada polos sucesivos escándalos de abusos sobre menores nas súas institucións<sup>8</sup>. O modelo paradoxal de muller que ofrece é o de nai-virxe a través do

---

<sup>7</sup> O Artigo 41 da Constitución irlandesa (1937) ten dúas subseccións que afirman o seguinte: 2.1. “In particular, the State recognises that by her life within the home, woman gives to the State a support without which the common good cannot be achieved” [En particular, o Estado recoñece que coa súa vida dentro do fogar, a muller dá ao Estado un apoio sen o cal non se pode acadar o ben común]. 2.2. “The State shall, therefore, endeavour to ensure that mothers shall not be obliged by economic necessity to engage in labour to the neglect of their duties in the home” [O Estado procurará, polo tanto, garantir que as mulleres non se vexan obrigadas, por necesidades económicas, a buscaren traballo e descoidaren as súas obrigas no fogar] (Constitution of Ireland, 2004).

<sup>8</sup> O último escándalo sobre os abusos de menores cometidos en Irlanda por curas e monxas da Igrexa Católica nas súas institucións dende os anos trinta tivo lugar tras a publicación do denominado “Ryan Report” pola Commission to Inquire into Child Abuse o 20 de maio de 2009. Este informe revela que os abusos sexuais sobre menores foron “endémicos” nunha serie de institucións católicas.

mito da Virxe María, unha das poucas posicións de poder que ten a muller nesta ideoloxía patriarcal, pero, como afirma Meaney ([1991] 1993: 231), esta idealización nace precisamente do aborrecemento polo corpo feminino e a súa sexualidade.

O corpus de poesía contemporánea que arremete contra os ditados da Igrexa Católica é moi extenso e dunha fereza que non adoitamos atopar noutros países católicos. Así, por exemplo, Meehan (1991: 41) escribiu o poema “The Statue of the Virgin at Granard Speaks” [Fala a estatua da Virxe de Granard], no que fai alusión á morte, en 1984, de Ann Lovett e do seu bebé. Ann era unha rapaza de quince anos que morreu soa mentres paría diante da estatua da Virxe de Granard tras nove meses de embarazo secreto. No poema, a Virxe rebélase contra a iconografía mariana e o modelo de castidade imposto:

They call me Mary — Blessed, Holy, Virgin.  
They fit me to a myth of a man crucified  
[...]  
They name me Mother of all this grief  
though mated to no mortal man  
[...]  
My being  
cries out to be incarnate, incarnate,  
maculate and tousled in a honeyed bed.

[Chámanme María — Bendita, Santa, Virxe.  
Relaciónanme cun mito dun home crucificado  
[...]  
Chámanme Nai de toda esta dor  
aínda que non copulei con home mortal ningún  
[...]  
O meu ser  
clama por se encarnar, por se encarnar,  
maculado e desamañado nun leito meloso]<sup>9</sup>.

Cómpre entender este poema no contexto dos anos oitenta e noventa en Irlanda, onde unha serie de medidas legislativas e referendos arredor do divorcio, a contracepción e o aborto converteron o corpo da muller en territorio de loitas ideolóxicas, coma se a muller só existise para o estado en tanto que nai.

---

<sup>9</sup> Tradución de M. Palacios e A. Casas (Palacios, 2003: 83).

Tamén a poeta Mary Dorcey ([1991] 1995: 66, 70), que visibilizou a experiencia lesbiana, arremeteu contra o modelo de feminidade imposto pola Igrexa Católica, acusándoa de silenciar as mulleres e contribuír ao feminicidio:

Hail Mary    Holy Mary.  
Be it done unto me according  
to thy word [...] Die quietly —  
die quietly —  
or the neighbours will hear.

[Ave María    Santa María.  
Fágase en min  
segundo a túa palabra [...] Morre en silencio —  
morre en silencio —  
vante oír os veciños]<sup>10</sup>.

A violencia de xénero tamén é o leitmotiv do poemario *Domestic Violence*, de Eavan Boland (2007), onde se denuncia a retórica nacional e cultural que idealiza abstraccións femininas como a Nai Natureza a a Nai Patria, mentres a nación deixa morrer as súas mulleres:

We say *Mother Nature* when all we intend is  
a woman was let die, out of sight, in a fever ward [...]  
Now say *Mother Ireland* when all that you mean is  
there is no need to record this death in history.

[Dicimos *Nai Natureza* cando a intención é  
que deixaron morrer unha muller, fóra da vista, nunha sala do hospital [...]  
Agora di *Nai Irlanda* cando a intención é  
que non é preciso rexistrar esta morte na historia].

(Boland, 2007: 30).

No poema “Letters to the Dead” [Cartas aos mortos], a voz poética sentencia que Irlanda é un país que aborrece o corpo da muller:

---

<sup>10</sup> Tradución de M. Palacios e A. Casas (Palacios, 2003: 209, 217).



How many daughters stood alone at a grave,  
and thought this of their mothers' lives?  
That they were young in a country that hated a woman's body.  
That they grew old in a country that hated a woman's body.

[Cantas fillas ficaron soas ao pé do cadaleito,  
a pensaren nas vidas das súas nais?  
Que foran novas nun país que aborrece o corpo da muller.  
Que se fixeran vellas nun país que aborrece o corpo da muller].

(Boland, 2007: 32).

O nacionalismo irlandés sustentou así mesmo a esencia da nación no celtismo. Algunhas poetas actuais sérvense de varios mitos celtas que atopan liberadores para a muller, como por exemplo as poderosas raíñas Deirdre e Medb. Identifican, ademais, nalgúns mitos un tratamento da sexualidade desinhibido que contrasta coa pudibunda actitude dos colonizadores británicos e da Igrexa Católica (Sewell, 2000). Pero mesmo escritoras en lingua irlandesa que retoman a mitoloxía celta, como Nuala Ní Dhomhnaill, advirten da súa falsificación da vida real das mulleres, e evitan o binarismo excluínente entre un pasado pagán, precristián, precolonial e gaélico –que representaría a mistificada esencia irlandesa, agora xa inaccesíbel– e a cultura posterior, cristiá, colonial e de lingua inglesa. Nuala Ní Dhomhnaill defende que ese pasado precolonial actúa sobre o presente e o enriquece, pero tamén sostén que o pasado non pode ser lido máis ca dende o presente –lectura afectada, logo, pola influencia cristiá e colonial– e que a mitoloxía celta debe ser revisada e transformada alí onde inclúe elementos misóxinos (McGuckian e Ní Dhomhnaill, 1995: 604). A poeta preséntanos, con humor irreverente, as iconas patriarcais da nación, as Cathleens e Shan Van Vochts, de abraiante beleza na súa xuventude, pero que agora están vellas e senís, teimando nas lembranzas do pasado:

esa estraña  
maña que se dá para ouvir só o que a reafirma  
na idea que ten de si mesma, a súa melosa figura núbil  
e a rosa encarnada, a rosa orgullosa ou cancro  
prendida tras a orella, na correa das anteolleiras<sup>11</sup>.

<sup>11</sup> Traduzo ao galego da versión inglesa de Paul Muldoon: "her uncanny / knack of hearing only what confirms / her own sense of herself, her honey-nubile form / and the red rose, proud rose or canker / tucked behind her ear, in the head-band of her blinkers" (Ní Dhomhnaill, 1992: 41).

Outro alicerce sobre o que se sustentou o nacionalismo irlandés foi a lingua gaélica. O irlandés figura como a primeira lingua da nación na Constitución e o censo de 2006 revela que o 42% da poboación da República pode falar irlandés grazas ao estudo da lingua na educación obrigatoria. Porén, só o 3% emprega esta lingua como vehículo principal nas súas relacións familiares e contorna próxima<sup>12</sup>. Por esta razón, o emprego da lingua gaélica non é condición esencial da identidade irlandesa hoxe en día. Eavan Boland, poeta en lingua inglesa, “encarna” o bilingüismo resultante da colonización na imaxe da lingua bífida: “I speak with the forked tongue of colony” [falo coa lingua bífida da colonia] (Boland, 1998: 30-31). En realidade, a segunda lingua de Irlanda non é tanto o inglés como o “hibernoinglés”, un dialecto dos habitantes irlandeses que inclúe particularidades sintácticas, léxicas e de pronunciación. No poema “A Habitable Grief” [Unha mágoa habitábel] Boland explora a identidade híbrida irlandesa en termos dunha cicatriz, sinal dunha ferida –a colonización– agora xa cerrada, pero que aínda doe:

This is what language is:  
a habitable grief. [...] which hurts  
just enough to be a scar.

And heals just enough to be a nation

[Iso é o que a lingua é:  
unha mágoa habitábel [...] que doe  
o xusto para ser unha cicatriz.

E cura o xusto para ser unha nación].

(Boland, 1998: 29)<sup>13</sup>.

A poeta rexeita as construcións esencialistas da identidade nacional irlandesa, mesmo as que a contrúen nunha soa lingua, pero é consciente da perda que iso implica. En “The Mother Tongue” [A lingua materna] o suxeito lírico imaxina un acento e fala sen contaminacións e comprende o que perdeu, pero tamén o monolitismo do que está a salvo:

---

<sup>12</sup> O censo de 2006 confirma os datos de 2002 facilitados polo goberno de Irlanda no seu *Statement on the Irish language* (Goberno de Irlanda, 2006).

<sup>13</sup> Tradución de M. Palacios e A. Casas (Palacios, 2003: 45).

[I] imagine

my pure sound, my undivided speech  
[...] I hear  
what I am safe from. What I have lost.

[Imaxino

o meu puro son, a miña fala íntegra  
[...] Oio  
aquilo do que estou a salvo. O que perdín].

Tamén a poeta en lingua irlandesa Nuala Ní Dhomhnaill denuncia o machismo de certos grupos nacionalistas de finais do século XIX –o Irish Revival– ao afirmar que impuxeron o gaélico “over the silenced backs of women and children” [sobre as costas silenciadas de mulleres e nenos] e conta a anécdota da muller de fala inglesa que, moribunda, se esforzou en dicir as súas derradeiras palabras en gaélico; o seu home corrixiuille o gaélico. Afirmo a poeta que optou polo gaélico para non deixalo exclusivamente nas mans dese tipo de homes (McGuckian e Ní Dhomhnaill, 1995: 588-589).

131

Ao falar de escritoras e nación, hei mencionar, aínda que sexa brevemente, o concepto de literatura nacional. Eavan Boland (1989) –escritora da República– criticou os nesgos nacionalista e patriarcal da tradición literaria irlandesa. Do nesgo nacionalista lamentaba o efecto que teñen, nos escritores, as expectativas sobre os que se pode ou debe escribir e o que non; do nesgo patriarcal criticaba o paradoxo entre o enorme valor simbólico da muller como alegoría da nación fronte ao seu carácter marxinal na historia e literatura irlandesas. Longley (1990) –escritora e crítica de Irlanda do Norte– retrucoulle que, ao identificar tradición literaria irlandesa con nacionalismo, Boland estaba a silenciar o segmento non nacionalista da illa e que, se tivese en conta a cultura protestante, observaría unha tradición menos patriarcal –non obstante, é importante aclarar que as mulleres escritoras tamén son minoría no Norte. Dende o Norte unionista, logo, interesa configurar unha literatura nacional que non estea dominada polo arraigado discurso nacionalista do Sur, mesmo cando é para subvertilo, como acontece con moitas escritoras da actualidade.

A situación da muller irlandesa está a mudar paseniñamente. Na súa antoloxía de nova poesía irlandesa, Guinness afirma que o feminismo irlandés conseguiu visibilizar moitas das súas preocupacións dos anos noventa, facéndoas incluso cuestión de estado. De feito, fala de que se pasou “from border politics to body politics” [da política da fronteira á política do corpo] (2004: 17); é dicir, a atención prioritaria ao conflito Norte-Sur tornou en interese do Estado polas denuncias das malas prácticas xinecolóxicas nos hospitais, así como polos abusos de nenos e nenas nas institucións da Igrexa. É posíbel que esta progresiva atención ás circunstancias e necesidades das mulleres contribúa a reconstruír a maltreita relación entre muller e nación. De calquera xeito, parece imprescindible que comecemos a falar de “nacións” en plural, recoñecendo a diversidade e os conflitos de intereses, do mesmo xeito que o feminismo tivo que aceptar a complexidade na configuración da alteridade e, de “muller”, pasou a falar de “mulleres”.

*Manuela Palacios González*

Universidade de Santiago de Compostela

## **Bibliografía**

- Anderson, Benedict. [1983]. 1991. *Imagined Communities: Reflections on the Origin and Spread of Nationalism*. London: Verso.
- Boland, Eavan. [1987]. 2005. “Mise Eire”, en *New Collected Poems*. Manchester: Carcanet, pp. 128-129.
- 1989. *A Kind of Scar: The Woman Poet in the National Tradition*. LIP pamphlet. Dublín: Attic Press.
- 1998. “A Habitable Grief”, en *The Lost Land*. Manchester: Carcanet, p. 29.
- 1998. “The Mother Tongue”, en *The Lost Land*. Manchester: Carcanet, pp. 30-31.
- 2007. “Windfall”, en *Domestic Violence*. Manchester: Carcanet, p. 30.
- 2007. “Letters to the Dead”, en *Domestic Violence*. Manchester: Carcanet, pp. 31-32.
- Central Statistics Office. 2006. <http://www.cso.ie/statistics/popnclassbyreligionand-nationality2006.htm>. Consulta 9-12-2009.

Commission to Inquire into Child Abuse. (2009). <http://www.childabusecommission.com/rpt/ExecSummary.php> Consulta 9-12-2009.

Constitution of Ireland. 2004.

[http://www.taoiseach.gov.ie/attached\\_files/Pdf%20files/Constitution%20of%20Ireland.pdf](http://www.taoiseach.gov.ie/attached_files/Pdf%20files/Constitution%20of%20Ireland.pdf) Consulta 9-12-2009.

Dorcey, Mary. [1991] 1995. "Come Quietly or the Neighbours Will Hear", en *Moving into the Space Cleared by Our Mothers*. Dublín: Salmon Publishing Ltd., pp. 64-70.

Gardiner, Frances. [1992] 1993. "Political Interest and Participation of Irish Women 1922-1992: The Unfinished Revolution", en *Irish Women's Studies Reader* (ed. Ailbhe Smyth). Dublín: Attic Press, pp. 45-78.

Goberno de Irlanda. 2006. *Statement on the Irish Language*. <http://www.pobail.ie/en/IrishLanguage/StatementontheIrishLanguage2006/file,7802,en.pdf> Consulta 9-12-2009.

Guinness, Selina. 2004. "Introduction", en *The New Irish Poets* (ed. Selina Guinness). Tarsat: Bloodaxe Books, pp. 14-32.

Longley, Edna. 1990. *From Cathleen to Anorexia: The Breakdown of Irelands*. Dublín: Attic Press.

McGuckian, Medbh e Nuala Ní Dhomhnaill. 1995. "Comhrá, with a Foreword and Afterword by Laura O'Connor", en *The Southern Review*, vol. 31, nº 3, pp. 581-614.

Meaney, Gerardine. [1991] 1993. "Sex and Nation: Women in Irish Culture and Politics", en *Irish Women's Studies Reader* (ed. Ailbhe Smyth). Dublín: Attic Press, pp. 230-244.

Medbh, Máighréad. 1993. "Easter 1991", en *Feminist Review*, nº 44, pp. 58-60. Tamén dispoñíbel en <http://www.tallgirlshorts.net/marymary/medbh.html> Consulta 9-12-2009.

Meehan, Paula. 1991. "The Statue of the Virgin at Granard Speaks", en *The Man Who Was Marked by Winter*. Loughcrew: The Gallery Press, pp. 40-42.

Ní Dhomhnaill, Nuala. 1992. "Caitlín /Cathleen)", en *The Astrakhan Cloak*. Edición bilingüe. Trad. Paul Muldoon. Loughcrew: The Gallery Press, pp. 38-41.

Palacios, Manuela (ed.). 2003. *Pluriversos: Seis poetas irlandesas de hoxe*. Trad. M. Palacios e A. Casas. Santiago de Compostela: Follas Novas.

— 2009. “Within and Beyond the Nation: Contemporary Irish and Galician Women Poets”, en *European Journal of English Studies*, 13: 2. *Intercultural Negotiations*, pp. 193-206.

Pearse, Patrick. [1917]. 2004. “I am Ireland”, en *Irish Writing. An Anthology of Irish Literature in English 1789-1939* (ed. Stephen Regan). Oxford: Oxford University Press, p. 391.

Sewell, Frank. 2000. “Nuala Ní Dhomhnaill: Journeying to the Shrine”, en *Modern Irish Poetry. A New Alhambra*. Oxford: Oxford University Press, pp. 149-198.

Smyth, Jamie. 2009. “Irish Increase in Racist Crimes Third Highest in EU”, en *The Irish Times* 25-06-2009: <http://www.irishtimes.com/newspaper/ireland/2009/0625/1224249509793.html>. Consulta 9-12-2009.

Torres, Xohana. [1992]. 2004. “Penélope”, en *Poesía reunida (1957-2001)* (ed. Luciano Rodríguez). Santiago de Compostela: P.E.N. Clube de Galicia /Danú S.L., p. 251.

Ward, Margaret. [1982]. 1993. “‘Suffrage First —Above All Else!’ An Account of the Irish Suffrage Movement”, en *Irish Women’s Studies Reader* (ed. Ailbhe Smyth). Dublin: Attic Press, pp. 20-44.

134 Woman’s Aid Female Homicide Media Watch. 2009. [http://www.epacvaw.org/IMG/pdf/Women s Aid Statistics Used During the 16 Days Campaign - Updated 2009.pdf](http://www.epacvaw.org/IMG/pdf/Women_s_Aid_Statistics_Used_During_the_16_Days_Campaign_-_Updated_2009.pdf) Consulta 9-12-2009.